


# III MTBO PORTO DO SON CAMPIONATO GALEGO MTBO 2019

# 12 Outubro



ORGANIZA

**Arnela**  
asociación deportiva e cultural

INFO: [www.fegado.es](http://www.fegado.es)

## Colaboran:



concello  
**Porto do Son**



**XUNTA DE GALICIA**

PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral para o Deporte



**Deputación  
DA CORUÑA**



**fegado**

Federación Galega  
de Orientación

**SOGRANI**  
[SODENSA DE GRANITO S.L.]

**xat-cein**

## ORGANIZACIÓN

CLUB ORGANIZADOR : ASOCIACIÓN DEPORTIVA E CULTURAL ARNELA

DIRECCIÓN: Ramón Fernández

## HORARIOS

09:00→ Apertura da Secretaría

10:00→ Saída dos primeiros participantes (Longa)

13:30→ Peche de meta

15:30→ Apertura Secretaría e cuarentena

16:00→ Saída dos primeiros participantes (Sprint)

16:45→ Peche de cuarentena.

18:00→ Peche de meta

19:00→ Entrega trofeos.

## TIPO DE PROBAS

O campionato consta de dúas probas. Unha proba de distancia **longa**, pola mañá, e unha proba de distancia **sprint**, pola tarde.

Para a proba sprint establécese unha cuarentena. Non será permitida a entrada de ningún corredor despois da hora indicada (15:30).

## COMO CHEGAR

A vila de Porto do Son atópase na ría de Muros e Noia entre as localidades de Noia e Santa Uxía de Ribeira. Para chegar a nosa vila desde a zona sur podeades acceder pola autovía do Barbanza (AG-11) ata a localidade de Ribeira e, desde alí, coller dirección N pola AC-550. Desde a zona de Santiago, a través da Autovía de Brión (AG-56), que logo se transforma no corredor de Noia (CG-1.5) e continuando pola AC-550.

As probas disputaranse en dous mapas da nosa localidade, cun desprazamento entre elas de aproximadamente 15 kms. En posteriores boletíns indicárase, a través de enlaces a google maps, as coordenadas de ámbalas dúas zonas de secretaria.

## CAMPIONATO GALEGO 2019

O campión/a galego/a de MTB-O 2019 das distintas categorías sairá da suma dos tempos entre as dúas probas (Longa + Sprint). Polo tanto, será preciso anotarse e participar en ámbolos dous eventos para poder acadar esa distinción.

Os/as participantes deberán levar o seu número de dorsal da Liga Galega de Orientación 2019 nun lugar visible.

## CATEGORIAS E RECORRIDOS

Para participar nunha das categorías oficiais, en función da idade do deportista, hai que estar en disposición da licenza correspondente do ano 2019, emitida pola federación española de Deportes de Orientación. O resto dos participantes deberán inscribirse nas categorías de Iniciación Curta ou Iniciación Longa.

Aqueles orientadores federados que queiran puntuar para o ranking da Liga Galega de MTB-O deberán levar o seu número de dorsal nun lugar visible (manillar, maillot).

CATEGORÍA	ANO NACEMENTO	CATEGORÍA	ANO NACEMENTO
<b>Promoción</b>	Sen límite idade	<b>Sénior M/F-21</b>	Sen límite idade
<b>Iniciación equipos</b>	Sen límite idade	<b>Veterán M/F-40</b>	1979 ou anteriores
<b>Cadete M/F-15</b>	2004 ou posterior	<b>Veterán M/F-50</b>	1969 ou anteriores
<b>Xuvenil M/F-17</b>	2002 ou 2003	<b>Veterán M/F-60</b>	1959 ou anteriores
<b>Júnior M/F-20</b>	1999, 2000 ou 2001	<b>Absoluta parellas</b>	Equipo de 2 persoas sen límite de idade
<b>M/F Elite</b>	Sen límite idade		

Un deportista federado que así o considere, poderá participar nunha categoría inferior a que lle corresponda, e será considerado fóra de competición. Poderá participar dentro de competición en calquera categoría que lle corresponda, aínda que para o ranking galego será de aplicación o contemplado no reglamento da Fegado.

**Os deportistas non federados**, independentemente da idade, so poderán inscribirse para participar nas categoría **promoción e iniciación equipos**.

**Promoción:** calquera idade, individual, orientada a ciclistas, con percorridos moi sinxelos pero fisicamente esixentes.

**Iniciación parellas:** categoría por equipos de 2 a 5 persoas, orientada a familias con nenos ou xente non iniciada neste deporte. Categoría non competitiva.

## INSCRICIÓN

Ata as 23:50 horas do domingo 6 de Outubro de 2019. realizaranse a través do sistema de inscricións da FEGADO, dende a súa páxina web (<https://intranet.fegado.es>).

Os deportistas xa dados de alta na Intranet deberán seleccionar o evento, marcar a categoría na que queren competir e confirmar a súa inscrición.

Os deportistas non dados de alta na Intranet teñen que crear un perfil na mesma páxina seguindo as instrucións da web. Aconséllase a estes participantes que contacten con algún club de orientación para canalizar as inscricións a través dos mesmos.

**INDEPENDIENTES:** Realizarán a inscrición a través do sistema de inscricións da fegado, a través da súa páxina web (<http://fegado.es/intranet>).

Os deportistas que non están dados de alta na intranet, teñen que crear un perfil na mesma, seguindo as instrucións da propia web. Para logo entrar no evento da carreira e darse de alta na categoría que desexa competir (iniciación curta ou iniciación longa). Se dispón de tarxeta

sportident, indicará o número correspondente a mesma, en caso contrario deixará a celda en branco e asignaráselle unha en réxime de aluguer.

Antes de realizar a inscrición deberá de dispor do xustificante de pago, para poder axuntalo na inscrición.

Así mesmo enviarase copia de dito xustificante por email a [adcarnela@gmail.com](mailto:adcarnela@gmail.com), indicando no asunto: ORI MTBO SON + nome do participante.

Prezo da inscrición		
Federados	Non federados (inclúe seguro federativo de 1 día)	
	INI CURTA	INI LONGA
7,00 €	7,00 €	9,00 €

O prezo do aluguer da pinza/tarxeta Sportident é de 3 € por día; polo tanto, se participa nas dúas probas, só terá que pagar unha vez esa cantidade, facéndose cargo da pinza/tarxeta SI durante as dúas probas e devolvéndoa ó remate da proba da tarde. Esta cantidade deberá sumarse á cota de inscrición da cada participante á hora de realizar o pago. A perda da pinza ou tarxeta SI suporá o pago do seu custo (35 € pola pinza ou 12 € pola tarxeta).

O ingreso da cota de participación realizárase mediante un único ingreso sumando as inscricións das dúas probas (media + sprint) máis o aluguer da pinza/tarxeta SI (se fose o caso) ingreso na conta bancaria do ADC Arnela:

**TITULAR: Asociación Deportiva e Cultural Arnela**

**IBAN: ES08 0073 0100 5905 0538 8597**

**CONCEPTO: LONGA / SPRINT / LONGA + SPRINT (según corresponda) + nome do Club ou Participante**

Unha vez realizado o pago, hai que enviar copia do xustificante ó correo do ADC Arnela ([adcarnela@gmail.com](mailto:adcarnela@gmail.com)).

## CRONOMETRAXE

Utilizarase o sistema Sportident como sistema de control de tempos.





concello  
**Porto do Son**



**XUNTA DE GALICIA**  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral para o Deporte



**Deputación  
DA CORUÑA**



**fegado**  
Federación Galega  
de Orientación

**SOGRANI**  
| SONENSE DE GRANITOS S.L. |

**xat-cein**  
instalacións técnicas